


A group of diverse students sitting on the floor, engaged in a study session. They are looking at books and papers, with some pointing at text. The scene is brightly lit, suggesting an indoor setting like a library or classroom.

GUÍA DE ITINERARIOS E MATERIAS DE BACHARELATO



**IES GONZALO
TORRENTE
BALLESTER**

R/ Herminia
Fariña Cobián, 10
CP. 36003
Pontevedra



WEB

TÁBOA DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	03
ITINERARIOS	04
MATERIAS	09
ANATOMÍA APLICADA	10
ANTROPOLOXÍA	11
BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS	12
CULTURA CIENTÍFICA	13
DEBUXO TÉCNICO I	14
ECONOMÍA	15
ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO E ACTIVIDADE EMPRESARIAL	16

FÍSICA E QUÍMICA	17
GREGO I	18
Hª DO MUNDO CONTEMPORÁNEO	19
LATÍN I	20
LIT. GALEGA DO S. XX E DA ACTUALIDADE	21
LITERATURA UNIVERSAL	22
MATEMÁTICAS I	23
MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS I	24
MATEMÁTICAS XERAIS	25
RELIXIÓN CATÓLICA	26
2ª LINGUA ESTRANXEIRA I: FRANCÉS	27
TECNOLOXÍA E ENXEÑERÍA	28
TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN	29
PONDERACIÓNS	30

INTRODUCCIÓN

Unha vez completada a ESO, os camiños para elixir poden ser moi variados: deixar os estudos e comezar a buscar un traballo, optar pola realización dun ciclo formativo especializado ou decidirmos por continuar a nosa formación co obxectivo de, posteriormente, realizar estudos universitarios.

Elixir modalidade de **Bacharelato** é unha decisión cargada de dúbidas que debe ser moi meditada. Que modalidade é mellor? Cal se relaciona máis cos estudos que quero facer? Onde están as mellores saídas?

Para axudarche na túa elección nesta guía explicámosche en que consisten as materias que podes atopar nas distintas modalidades de Bacharelato que oferta o noso centro: Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencias e Tecnoloxía e Xeral.



ITINERARIOS

CIENCIAS E TECNOLOXÍA

MATERIA TRONCAL DE MODALIDADE

Matemáticas I

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN

Bioloxía, Xeoloxía e
Ciencias Ambientais

Tecnoloxía Industrial I

Debuxo Técnico I

Física e Química

Escoller
2

MATERIAS OPTATIVAS

Relixión Católica

Libre disposición de centro

Escoller
1

MATERIAS OPTATIVAS

Francés

Antropoloxía

TICs

Anatomía aplicada

Cultura científica

Literatura galega dos.XX

Escoller
1

Troncal de opción de calquera modalidade

HUMANIDADES

MATERIA TRONCAL DE MODALIDADE

Latín I

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN

Historia do Mundo
Contemporáneo

Grego I

Literatura Universal

Escoller
2

MATERIAS OPTATIVAS

Relixión Católica

Libre disposición de centro

Escoller
1

MATERIAS OPTATIVAS

Francés

Antropoloxía

TICs

Anatomía aplicada

Cultura científica

Literatura galega dos.XX

Escoller
1

Troncal de opción de calquera modalidade

CIENCIAS SOCIAIS

MATERIA TRONCAL DE MODALIDADE

Matemáticas aplicadas ás CCSS I

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN

Historia do Mundo
Contemporáneo

Economía

Literatura Universal

Escoller
2

MATERIAS OPTATIVAS

Relixión Católica

Libre disposición de centro

Escoller
1

MATERIAS OPTATIVAS

Francés

Antropoloxía

TICs

Anatomía aplicada

Cultura científica

Literatura galega dos.XX

Escoller
1

Troncal de opción de calquera modalidade

XERAL

MATERIA TRONCAL DE MODALIDADE

Matemáticas xerais

MATERIAS TRONCAIS DE OPCIÓN

Troncal de opción doutra modalidade

Troncal de opción doutra modalidade

Economía, emprendemento e actividade empresarial

Escoller
2

MATERIAS OPTATIVAS

Relixión Católica

Libre disposición de centro

Escoller
1

MATERIAS OPTATIVAS

Francés

Antropoloxía

TICs

Anatomía aplicada

Cultura científica

Literatura galega dos XX

Troncal de opción de calquera modalidade

Escoller
1

MATERIAS

ANATOMÍA APLICADA

A materia de Anatomía Aplicada pretende achegar os coñecementos científicos que permitan comprender o corpo e a motricidade humana en relación tanto coas manifestacións artísticas corporais como coa saúde.



Para iso, esta materia inclúe contidos relacionados tanto coa anatomía como coa fisioloxía dos diferentes aparellos e sistemas do noso organismo fundamentais para todo aquel alumnado que estea interesado en calquera dos graos ou ciclos relacionados coas ciencias da saúde.

Entre estes contidos, que serán abordados desde unha metodoloxía fundamentalmente práctica, están a organización básica dos seres vivos, historia e conceptos básicos de anatomía, alimentación e nutrición así como metabolismo celular, aparellos e sistemas relacionados coa nutrición (dixestivo, respiratorio, circulatorio e excretor), aparellos e sistemas relacionados coa relación e coordinación (sentidos, sistema nervioso, sistema endócrino e locomotor) e aparellos relacionados coa reprodución (reprodutor).

ANTROPOLOXÍA

Que é o ser humano? Quen é? De onde ven? Animal? Racional? Que temos en común, que é diferente? Somos iguais? A mente é o mesmo que o cerebro? A maxia ten eficacia? Curan os curandeiros? Que celebramos en San Xoán? Por que hai sociedades nas que un home pode casar con varias mulleres e outras nas que unha muller pode casar con varios homes? Poden as novas tecnoloxías biomédicas reorientar a evolución humana? Débese intervir na mellora xenética da humanidade futura? Estas son algunhas das preguntas da ANTROPOLOXÍA.

Para entender o animal humano hai que contrastar as diferentes cosmovisións, culturas, subculturas, crenzas, ideas, formas de vida. Conxugar bioloxía, historia, lingüística, socioloxía, psicoloxía, mitoloxía, economía, artes, relixións...E construír un observatorio mental dende o que reflexionar para intentar comprender a interconexión de todo isto. Así, a materia avanza dende a antropoloxía física a antropoloxía cultural, social e filosófica. É tamén unha iniciación a investigación, mediante traballos de campo sobre fenómenos culturais concretos.



BIOLOXÍA, XEOLOXÍA E CIENCIAS AMBIENTAIS

Biología, Xeología e Ciencias medioambientais comprende unha serie de contidos esenciais para a continuación de estudos ou o exercicio de determinadas profesións relacionados coas ciencias biolóxicas, xeolóxicas e ambientais. Entre estes están:



- «A xeodinámica interna» estuda os fenómenos xeolóxicos do interior e da superficie terrestre
- «A xeodinámica externa. Historia da Terra» trata sobre o estudo dos cambios no relevo terrestre, a magnitude do tempo xeolóxico
- «Os seres vivos» estuda a organización dos seres vivos e a base molecular da materia viva.
- «Os vexetais» estuda os mecanismos a través dos cales os vexetais realizan as súas funcións vitais
- «Os animais» analiza o funcionamento dos aparellos implicados nas funcións de nutrición e reprodución e relación nestes seres vivos.
- «Os microorganismos e formas acelulares» céntrase nalgunhas das especies microbianas máis relevantes, e nas características e mecanismos de infección das formas orgánicas acelulares (virus, príóns...)



- «Ecoloxía e sustentabilidade» recolle os compoñentes dos ecosistemas, o seu funcionamento e a importancia dun modelo de desenvolvemento sostible.

CULTURA CIENTÍFICA

A materia denominada Cultura Científica ten como obxectivo aportar coñecemento científico que nos forme, proporcionándonos capacidade de análise e de procura da verdade xa que na vida diaria estamos en continuo contacto con situacións de carácter científico que nos afectan directamente, situacións que os cidadáns debemos ser capaces de entender e de valorar criticamente.

Ademais, o fomento de vocacións científicas é outra das dimensións ás que esta materia quere contribuír. Por tanto, requírese que a sociedade adquira unha cultura científica básica que lle permita



entender o mundo actual e ser quen de tomar decisións baseadas no coñecemento científico en distintos contextos.

Para acadar isto os principais contidos versarán sobre: a formación da Terra e a orixe da vida, a xenética, os avances biomédicos e, para rematar, un bloque dedicado a todo o relacionado coas tecnoloxías da información e da comunicación; primando sempre o traballo cooperativo e colaborativo, a formulación de tarefas en contextos reais e o traballo experimental.

DEBUXO TÉCNICO I

Poder representar as tres dimensións, a realidade espacial no papel é un dos obxectivos principais da materia de Debuxo Técnico de 1º de Bacharelato.

Se a túa idea é estudar algún dos diversos graos de Enxeñería, Arquitectura ou Belas Artes o debuxo técnico será unha imprescindible arma de traballo nestes estudos. Esta materia iníciate no desenvolvemento da capacidade de visión espacial e na lectura de obras arquitectónicas e de enxeñería ou espazos abertos...

Se a túa opción é un ciclo formativo o debuxo técnico está relacionado cos seguintes ciclos: os de deseño, tanto de moda como de artes gráficas, deseño de interiores, deseño de produto, animación en 3D, deseño de videoxogos...

Tamén hainos máis técnicos coma Edificación e obra civil, Fabricación mecánica, Imaxe e Son, Instalación e mantemento... Para todos estes ciclos o debuxo técnico favorecerá a túa comprensión e desenrolo das capacidades gráfico-plásticas.

Neste primeiro curso de Debuxo Técnico, os contidos desenrólanse en catro bloques: Trazados xeométricos, Xeometría proxectiva, Normalización, Representación de Sistemas CAD.



ECONOMÍA

Economía ten coma obxectivo proporcionarche os coñecementos necesarios para entender o mundo e poder tomar decisións económicas de xeito razoado e responsable: por que un futbolista gaña máis ca un cirurxián? Por que soben os prezos? Que supón para ti que suban ou baixen os impostos? ...

Na vida temos que tomar decisións nas que cómpre saber economía: Que dereitos teño como traballador? Alugo ou merco vivenda? Canto custa pedir un préstamo? Que impostos terei que pagar?

Permite entender decisións dos gobernos e ter opinión sobre cuestións coma: Como mellorar o emprego? Deben pagar máis impostos os máis ricos? Debe existir sanidade ou educación pública?

Serache útil se queres estudar un grao da rama de Ciencias Xurídicas e Sociais ou se optas pola Formación Profesional, xa que nos ciclos hai materias relacionadas coa economía.

Finalmente, para os que vaiades orientar os estudos noutra dirección, a economía permitirache adquirir unha cultura económica necesaria para ser unha persoa formada e informada.



ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO E ACTIVIDADE EMPRESARIAL

Na primeira parte, a materia ten como obxectivo proporcionarche os coñecementos necesarios para entender o mundo e poder tomar decisións económicas de xeito razoado e responsable: por que un futbolista gaña máis ca un cirurxián? Por que soben os prezos? Que supón para ti que suban ou baixen os impostos? Que dereitos teño como traballador? Alugo ou merco vivenda? Canto custa pedir un préstamo? Que impostos terei que pagar?

No segundo bloque, elaboraremos un Plan de Empresa onde cada un de vós poderá desenvolver as

súas habilidades emprendedoras e pór en funcionamento, de xeito simulado, un negocio.

Serache útil se queres estudar un grao da rama de Ciencias Xurídicas e Sociais ou se optas pola Formación Profesional, xa que nos ciclos hai materias relacionadas coa economía.

Finalmente, para os que vaiades orientar os estudos noutra dirección, a materia permitirache adquirir unha cultura económica necesaria para ser unha persoa formada e informada.



FÍSICA E QUÍMICA

Sabes quen era Newton pero... sabes cal foi o seu maior descubrimento? Sabes cómo se producen as cores? Sabes que nun vaso de auga hai máis átomos que estrelas na galaxia?

A Física e a Química xogan un rol central nas ciencias, xa que conectan as Matemáticas e a Astronomía coas ciencias da vida. Abarcan unha parte moi ampla do coñecemento científico e nos dan a base necesaria para seguir cos estudos en ciencias. Pero, sobretudo, axúdannos a comprender o mundo que nos rodea.

Na materia de Física e Química de 1º de Bacharelato profundizamos nos temas vistos en 4º de ESO. Adicamos a metade do curso á Química co estudo dos estados da materia, os átomos, os seus enlaces e as reaccións químicas. En Física estudamos os movementos, as forzas que os producen e as formas de enerxía.

E... por suposto, realizamos prácticas no laboratorio e demostracións, que ilustran estas teorías.

Esta materia é clave para continuar os estudos no bacharelato tecnolóxico e de ciencias da saúde.




GREGO I

Grego é unha lingua clásica, complementaria do Latín, fundamental para os alumnos de Humanidades e moi conveniente para os de Ciencias Sociais.

En Grego estudarás a lingua occidental mellor documentada, un vocabulario con moitos derivados técnicos e cultos nas linguas modernas, unha gramática complexa que che facilitará o estudo doutras, unha literatura que é a primeira de Europa e a orixe da maioría dos actuais xéneros literarios, unha atractiva cultura fundamental para entender o mundo actual, un fermoso e fácil alfabeto.

Estudaremos declinación e conxugacións regulares, sintaxe da oración simple e das oracións de relativo e participios concertados e absolutos, tradución de textos adaptados sinxelos, etimoloxías, literatura (épica, lírica, teatro, historiografía...), mitoloxía, historia e sociedade.

Estudar esta materia permite acceder cunha boa base lingüística e cultural a Estudos de Grao da rama de Artes e Humanidades, de Ciencias Sociais e Xurídicas, así como dobres graos e graos abertos. Tamén poderás acceder a numerosos Ciclos Formativos de Grao Superior.



Hª DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

A Historia do Mundo Contemporáneo é o mellor xeito de viaxar desde o pasado das sociedades máis recentes ata a actualidade, aumentando a conciencia crítica e reflexiva das nosas accións e pensamentos, no camiño cara esa maior liberdade que ven do auto-coñecemento. Non é só saber histórico, senón que nos permite entender cada momento do presente a través da análise do pasado, e forxar as bases dos nosos futuros posibles.

Comprendendo a evolución humana dende a fin do Antigo Réxime ata os nosos días, poderemos formar mellor parte activa dos retos actuais, cunha actitude democrática que defenda o respecto polas conquistas sociais, os Dereitos Humanos e o recoñecemento da diversidade cultural.

Fomentando un sentido racional e cívico en defensa de ideais éticos e igualitarios, así como no da paixón pola aprendizaxe, estaremos contribuindo á formación dunha cidadanía activa, consciente dos seus dereitos e obrigas. para acadar un sólido compromiso co mundo no que vivimos e coas xeneracións futuras.



LATÍN I

O estudo do Latín achega ao alumno as bases lingüísticas, históricas e culturais precisas para entender aspectos fundamentais da civilización occidental á que pertencemos. Permítenos entrar en contacto coa lingua que é a orixe da nosa e doutras linguas modernas. Estudaremos declinación e conxugacións regulares, sintaxe da oración simple e das oracións de relativo e participios concertados e absolutos, tradución de textos adaptados sinxelos, oración de vocabulario castelán mediante derivación e composición a partir de palabras latinas, Historia de

Roma: períodos históricos, formas de goberno, clases sociais, vida cotiá, urbanismo, relixión, mitoloxía grecorromana: estudo dos mitos máis importantes e a súa repercusión na arte.

Estudar esta materia permite acceder cunha boa base lingüística e cultural a Estudos de Grao non só da rama de Artes e Humanidades, senón tamén da rama de Ciencias Sociais e Xurídicas, así como dobres graos e graos abertos. Tamén poderás acceder a numerosos Ciclos Formativos de Grao Superior.



LITERATURA GALEGA DO SÉCULO XX E DA ACTUALIDADE

A materia optativa de Literatura Galega do Século XX e da Actualidade de 1º de Bacharelato ten como finalidade ser un complemento e fundamental apoio para a de 2º de Bacharelato de carácter obrigatorio Lingua Galega e e Literatura II.

O obxectivo principal será coñecer a creación literaria do século XX e XXI e utilizar de forma crítica as fontes bibliográficas e documentais adecuadas para o seu estudo, apreciando a obra literaria como fonte de enriquecemento cultural e de pracer persoal. Para isto, será preciso ler fragmentos de obras literarias pertencentes a distintos xéneros, identificar nelas os aspectos formais e temáticos e as conexións con outras literaturas e artes (pintura, música..)

Todo isto efectuarase dende unha perspectiva integradora da oralidade, lectura e escritura, amosando un especial rigor na corrección lingüística, tanto na exposición de contidos e opinións orais, coma na elaboración de textos escritos expositivos e argumentativos.



LITERATURA UNIVERSAL


Por que estudar Literatura universal? Porque a literatura estimula o noso cerebro, porque fai desenvolver o noso pensamento e personalidade, porque fai que entendamos mellor nosa sociedade e outras culturas, porque nos permite interpretar e comprender mellor a información. Porque desenvolve a intelixencia creativa. Porque ler, fainos libres.



Pretendemos trasladar ao alumnado a imaxinación, sentimentos, pensamentos e culturas que ao longo da historia aparecen nos libros, formando parte do patrimonio cultural da humanidade. O coñecemento xeral dos diferentes estilos literarios a través dunha selección das grandes obras da literatura universal permiten ter unha visión máis ampla doutras realidades sociais, culturais e históricas. A lectura de fragmentos ou obras completas e o traballo cos textos serán a nosa prioridade. Os comentarios de textos literarios, traballos de investigación e exposicións orais permiten que aos poucos se enriqueza a nosa personalidade, fomentando os hábitos de lectura.

MATEMÁTICAS I

O alumnado debe ser consciente de que moitos conceptos e procedementos matemáticos resultan esenciais en calquera área dos ámbitos científico e tecnolóxico. A área MATEMÁTICAS I pretende preparar aos alumnos para que fagan fronte aos retos da sociedade actual e futura, recoñecendo situacións problemáticas cotiás que poden ser modelizadas e resoltas botando man dos seus coñecementos matemáticos e, tamén, usando de forma efectiva as ferramentas tecnolóxicas que estean ao seu alcance.



Para lograr este obxectivo non se recorrerá a aprendizaxes memorísticas, senón que se traballará a resolución razoada e argumentada de problemas, relacionando estes con situacións reais contextualizadas familiares para o alumnado. Ademais, os estudantes aprenderán a comunicar e representar a información de forma rigorosa.

O uso de ferramentas dixitais e software matemático específico desempeñará un papel inestimable nos procesos de investigación, interpretación e análise, favorecendo a mellor comprensión por parte do alumnado, axilizando a resolución das actividades e permitindo compartir os resultados obtidos dun xeito atraente, claro e organizado.

MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CCSS I

Preténdese que os alumnos que cursen esta área sexan quen de interpretar a realidade que os rodea. Igualmente, ansíase facerlles comprender os fenómenos da sociedade actual, de calquera índole ou natureza (económica, histórica, xeográfica, artística, política, sociolóxica, etc.), para que poidan perfeccionar a súa capacidade de simplificación e abstracción.

Aínda que existirá, dende logo, unha base teórica, o desenvolvemento das clases será fundamentalmente práctico, resolvéndose problemas e exercicios de forma razoada e argumentada, e requiríndose un certo rigor á hora de representar e comunicar os resultados obtidos.

Os diferentes contidos da área MATEMÁTICAS APLICADAS ÁS CIENCIAS SOCIAIS I complementaranse entre si e traballaranse contextualizados, vinculados practicamente sempre con problemas cotiás de diversos ámbitos. Sempre que sexa posible, recorrerase ao uso de ferramentas tecnolóxicas e software matemático específico que favoreza a comprensión dos conceptos explicados e axilice a resolución das actividades, permitindo contrastar con maior rigor as hipóteses formuladas e axudando a comunicar os resultados obtidos dun xeito atraente, claro e organizado.



MATEMÁTICAS XERAIS

A área MATEMÁTICAS XERAIS intenta ampliar, aínda que sen pormenorizar en exceso, os contidos matemáticos estudados en 4o ESO, ofrecendo, pois, unha visión global dos saberes básicos relacionados coas Matemáticas do Bacharelato.

O propósito fundamental é conseguir que os alumnos apliquen os seus coñecementos matemáticos para interpretar, analizar e modelizarsituacións problemáticas sinxelas en diversos contextos reais, polo que as destrezas traballadas serán a resolución de problemas, o razoamento matemático, o establecemento de conexións con outras materias e ámbitos, e a comunicación, sen esquecer os aspectos emocionais, sociais e persoais do alumnado que poidan influír na súa aprendizaxe.

O ensino centrarase en afianzar conceptos e actitudes básicas, fuxindo de prácticas memorísticas e rutineiras, botando man continuamente das ferramentas tecnolóxicas e do software matemático específico que permita axilizar os cálculos e favorecer a comprensión dos contidos tratados. Por este motivo, procurarase que cada alumno teña á súa disposición un ordenador durante as clases desta área.

RELIXIÓN CATÓLICA

A Relixión Católica en 1º de BAC é unha materia curricular de libre elección para os alumnos e as súas familias, que forma parte da proposta educativa necesaria para o desenvolvemento da personalidade dos rapaces/zas.

Axuda a comprender críticamente a nosa sociedade, tradición, cultura, arte, etc. en diferentes contextos. Complementa a educación en valores humanos e cristiáns dando resposta a situacións onde é necesario ter tamén un punto de vista ético e moral (coidado persoal, avances científicos e médicos, protección do medio ambiente, ou inicio e fin da vida..) traballando desde os dereitos, deberes e liberdades.

Non é preciso ter cursado antes esta materia, tan só querer aprender e descubrir que nos pode achegar hoxe a Igrexa cristiá á sociedade actual.

As clases serán dunha hora semanal onde ademáis de traballar contidos veremos algunha película relacionada con eles, faremos saídas extraescolares, traballos e fichas. O material estará dispoñible na aplicación SM e na aula virtual do centro.



2ª LINGUA ESTRANXEIRA I: FRANCÉS

A lingua francesa fálase nos cinco continentes. É tamén lingua oficial de todas as organizacións europeas e internacionais.

É unha das linguas máis solicitadas a nivel laboral. Falar inglés non chega, un segundo idioma marca a diferenza. Para inserirse no mercado laboral é indispensable falar unha segunda lingua estranxeira. Na nosa contorna moitas empresas francesas valoran cada vez máis o coñecemento do francés.

Poderedes obter a certificación B1 (recoñecida internacionalmente)

grazas ás probas DELF organizadas pola Consellería xunto coa Alliance Française e que preparamos no noso centro. Ofrécevos a posibilidade de subir a nota na parte voluntaria da ABAU ponderando 0,2 no acceso á maioría dos graos. Tamén é necesario para moitos ciclos formativos, graos ou Erasmus. Lembrade: podeades escoller francés aínda que non o cursádes en todos os cursos da ESO. Empezamos como falsos debutantes, é dicir, desde cero pero a un ritmo máis rápido.



TECNOLOXÍA E ENXEÑARÍA I

¿Que é Tecnoloxía e Enxeñaría?, ¿Que contidos ten?, ¿Para que estudos pode valerme?

Tecnoloxía e Enxeñaría é unha materia do currículo de Bachelato cuxo obxectivo é adquirir un conxunto de coñecementos e técnicas que pretendan dar solución ás necesidades actuais, mellorando o benestar da sociedade e axudando a mitigar as desigualdades e reducir as brechas de xénero, sociais e xeneracionais.


A materia consta de 6 bloques: proxectos de investigación e desenvolvemento, materiais e fabricación, sistemas mecánicos, sistemas eléctricos e electrónicos, programación, automatización e control e tecnoloxía sustentable.

Se acostuma a pensar que Tecnoloxía e Enxeñaría vai encamiñada só aos estudos de enxeñaría. Nada máis lonxe da realidade. Ten outras moitas aplicacións, en estudos da rama sanitaria coma biotecnoloxía ou biomecánica, moitos dos seus contidos son empregados en graos como Matemáticas, Física, Química, etc sen esquecer os innumerables ciclos formativos de grao superior nos que está presente.



TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN

Tecnoloxía da Información e a Comunicación é unha materia do currículo de Bacharelato que ten como obxectivo que o alumnado domine a linguaxe propia destas tecnoloxías coma o manexo seguro das mesmas. A materia consta de 5 bloques:



Desenvolvemento de proxectos dixitais, Creación, tratamento e presentación da información e os datos, Programación, Creación e edición de contidos audiovisuais, Seguridade, Benestar e cidadanía dixital. A materia procurará educar na interacción co entorno dixital, dun xeito crítico, ético e respectuoso cos demais.

A proposta da materia potenciarán as competencias relacionadas coa comprensión e a expresión utilizando ferramentas dixitais para procurar e analizar información, así como para elaborar documentación e presentar os logros conquistados. A resolución de problemas concretos utilizando a programación permitirá fortalecer as competencias



matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxeñería. O alumnado profundizará nas técnicas de comunicación audiovisual, Intelixencia Artificial, Impresión 3D, Aplicacións Móviles, imprescindibles na sociedade actual, e mellorando a competencia en conciencia e expresión culturais.

PONDERACIONES

**PARÁMETROS DE PONDERACIÓN DE MATERIAS TRONCAIS DE MODALIDADE E MATERIAS DE OPCIÓN DA PROBA DE AVALIACIÓN DE BACHARELATO PARA O ACCESO ÁS ENSEINANZAS UNIVERSITARIAS OFICIAIS DE GRAO DO SISTEMA UNIVERSITARIO DE GALICIA
ACCESO AO CURSO 2023 – 2024**

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE												
		Artes Escénicas	Cultura Audiovisual II	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa	Grego II	Fundamentos da Arte II	Historia da Arte	Historia da Filosofía	Latín II	Matemáticas Aplicadas ás CC.SS.	Xeografía	2ª Lingua Estranxeira II
ARTES E HUMANIDADES	Belas Artes	0,2	0,2	0,2	0,2			0,2	0,2	0,1				
	Deseño	0,2	0,2	0,2	0,2			0,2	0,2	0,1				
	Filoloxía Aplicada Galega e Española	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1	0,2
	Español: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,2	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Filoloxía Clásica	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1	0,2
	Filosofía	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,2	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Historia	0,1	0,1			0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Historia da Arte	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios	0,2	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Lingua e Literatura Españolas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2
	Lingua e Literatura Galegas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2
	Lingua e Literatura Inglesas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2
	Linguas e Literaturas Modernas	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2
	Linguas Estranxeiras	0,1	0,1				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,1	0,2
	Tradución e Interpretación	0,1	0,2				0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2
	Xeografía e Historia	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Xestión Cultural	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Xestión Dixital da Información e Documentación	0,1	0,2		0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE							
		BioloXía	Debuxo Técnico II	Física	Hª da Filosofía	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas	Química	XeoloXía
CIENCIAS	BioloXía	0,2		0,2		0,2		0,2	0,2
	BiotecnoloXía	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Bioquímica	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Ciencias Ambientais	0,2		0,1		0,1		0,2	0,2
	Ciencias do Mar	0,2		0,2		0,2		0,2	0,2
	Ciencia e TecnoloXía dos Alimentos	0,2		0,1		0,2		0,2	0,1
	Física	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1
	Matemáticas	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1
	Nanociencia e NanotecnoloXía	0,2		0,2		0,2	0,1	0,2	0,1
	Química	0,2		0,2		0,2		0,2	0,1

CIENCIAS DA SAÚDE	Enfermaría	0,2		0,1		0,2		0,2	
	Farmacia	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Fisioterapia	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Logopedia	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Medicina	0,2		0,1		0,1		0,2	
	Nutrición Humana e Dietética	0,2		0,1		0,2	0,2	0,2	
	OdontoloXía	0,2		0,1		0,1		0,2	
	Optica e Optometría	0,2		0,2		0,2	0,2	0,2	
	PodoloXía	0,2		0,2		0,2		0,2	
	PsicoloXía	0,2			0,1	0,1	0,2		
	Terapia Ocupacional	0,2		0,2		0,2		0,2	
	Veterinaria	0,2		0,2		0,2		0,2	

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCION E TRONCAIS DE MODALIDADE												
		Artes Escénicas	Bioloxía	Debuxo Técn. II	Deseño	Economía da Empresa	Física	Fundamentos da Arte II	Historia da Arte	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas II	Química	Xeografía	Xeoloxía
ENXEÑARÍA E ARQUITECTURA	Arquitectura Técnica			0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1
	Ciencia e Enxeñaría de Datos		0,2		0,2	0,2	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Aeroespacial			0,2	0,1	0,1	0,2			0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría Agraria		0,2	0,1		0,1	0,2			0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría Agrícola e Agroalimentaria		0,2	0,1		0,1	0,2			0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría Biomédica		0,2	0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		
	Enxeñaría Civil				0,2	0,1	0,1	0,2		0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría da Automoción con mención dual				0,2	0,1	0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría da Enerxía				0,2		0,1	0,2		0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría de Obras Públicas				0,2	0,1	0,1	0,2		0,2		0,1		0,2
	Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais		0,1	0,2		0,1	0,2			0,2		0,2		0,1
	Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación				0,2	0,1	0,1	0,2		0,2		0,1		
	Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos		0,1	0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría Eléctrica				0,2		0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática				0,2		0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto				0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría en Organización Industrial				0,2	0,2	0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría en Química Industrial				0,2		0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría en Tecnoloxías Industriais				0,2	0,1	0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría Forestal		0,2	0,2			0,2	0,2		0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría Forestal e do Medio Natural		0,2	0,2			0,2	0,2		0,2		0,2		0,2
	Enxeñaría Informática				0,2	0,1	0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría Mecánica				0,2		0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría Naval e Oceánica				0,2		0,1	0,2		0,2		0,2		
	Enxeñaría Química		0,1	0,2			0,1	0,2		0,2		0,2		
	Estudos de Arquitectura	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1
	Intelixencia Artificial		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,2	0,2		
	Máquinas Navais				0,2	0,2	0,1	0,2		0,2		0,2		
	Náutica e Transporte Marítimo				0,2	0,2	0,1	0,2		0,2		0,2		
	Paisaxe	0,1	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2
Robótica				0,2	0,1	0,1	0,2		0,2		0,1			
Tecnoloxía da Enxeñaría Civil				0,2	0,2	0,1	0,2		0,2		0,1		0,2	

RAMA	GRAO	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE																		
		Artes Escénicas	Bioloxía	Cultura Audiovisual II	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa	Física	Fundamentos Arte II	Grego II	Historia da Arte	Historia da Filosofía	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas II	Química	Xeografía	Xeoloxía	2ª Lingua Estranx. II	
CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS	Administración e Dirección de Empresas		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	
	Ciencias da Actividade Física e do Deporte		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	
	Ciencia Política e da Administración			0,2			0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1		0,2		0,2	
	Ciencias Empresariais		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2
	Comercio						0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	
	Comunicación Audiovisual	0,2		0,2		0,2	0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,1		0,2	
	Creación Dixital, Animación e Videoxogos	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1		0,2	0,2					
	Criminoloxía		0,1				0,1							0,2	0,2				0,2	
	Dereito						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,1	0,1		0,1		0,2	
	Dirección e Xestión Pública						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	
	Economía		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2
	Educación Infantil	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Educación Primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Educación Social		0,2						0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	
	Empresa e Tecnoloxía		0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2			0,1	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2
	Mestre en Educación Infantil	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Mestre en Educación Primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Pedagogía	0,1	0,2	0,2		0,2	0,1		0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	
	Publicidade e Relacións Públicas			0,2	0,2	0,2	0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,1		0,2	
	Relacións Internacionais						0,2		0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	
	Relacións Laborais e Recursos Humanos						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	
	Socioloxía						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	
	Traballo Social						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	
	Turismo						0,2		0,2	0,1	0,2	0,1	0,1	0,2	0,2		0,2		0,2	
	Xeografía e Ordenación do Territorio						0,2		0,1	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	
	Xestión de Empresas Hostaleiras	0,1	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1				0,1		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2
	Xestión Industrial de Moda	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2	0,2		0,2	0,2	0,1				0,2
	Xornalismo	0,2		0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2			0,2

	DOBRES GRAOS E GRAOS ABERTOS	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE																		
		Artes Escénicas	Bioloxía	Cultura Audiovisual II	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa	Física	Fundamentos Arte II	Grego II	Historia da Arte	Historia da Filosofía	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas II	Química	Xeografía	Xeoloxía	2ª Lingua Estranx. II	
SIMULTANEIDADES: DOBRES GRAOS E GRAOS ABERTOS	Simultaneidade do Grao en Administración e Dirección de Empresas e o Grao en Dereito		0,2				0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2			0,2	
	Simultaneidade de estudos no grao de Turismo e Xeografía e Historia	0,1	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2			0,2	
	Simultaneidade en Grao en Administración e Dirección de Empresas e Enxeñaría Informática		0,2		0,2	0,2	0,2	0,2	0,1	0,1	0,1	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2			0,2
	PCEO Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría en Electrónica, Industrial e Automática		0,2		0,2		0,1	0,2						0,2		0,2				
	PCEO Enxeñaría Biomédica e Enxeñaría Mecánica		0,2		0,2		0,1	0,2						0,2		0,2				
	PCEO Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría en Electrónica, Industrial e Automática				0,2		0,1	0,2						0,2		0,2				
	Simultaneidade dos Graos de Comunic. Audiovisual e Xornalismo	0,2		0,2	0,1	0,2	0,2		0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2		0,2			0,2
	Simultaneidade dos Graos de Dereito e Relacións Laborais						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2			0,2
	Simultaneidade dos Graos de Enx. Informática e Matemáticas		0,2		0,2	0,1	0,1	0,2				0,2		0,2		0,2			0,1	
	Simultaneidade dos Graos de Matemáticas e Física		0,2		0,2			0,2				0,2		0,2		0,2			0,1	
	Simultaneidade dos Graos de Química e Bioloxía		0,2					0,2						0,2		0,2			0,2	

	DOBRES GRAOS E GRAOS ABERTOS (Continuación)	MATERIAS DE OPCIÓN E TRONCAIS DE MODALIDADE																	
		Artes Escénicas	Bioloxía	Cultura Audiovisual III	Debuxo Técnico II	Deseño	Economía da Empresa	Física	Fundamentos Arte II	Grego II	Historia da Arte	Historia da Filosofía	Latín II	Matemáticas II	Matemáticas Aplicadas II	Química	Xeografía	Xeoloxía	2ª Lingua Estranx. II
SIMULTANEIDADES: DOBRES GRAOS E GRAOS	Simultaneidade dos Graos de Química e Física		0,2				0,2						0,2		0,2		0,1		
	Simultaneidade de estudos no Grao de Farmacia e Óptica e Optometría		0,2				0,2						0,2		0,2				
	Simultaneidade de Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria	0,1	0,2		0,1	0,1		0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2	0,2
	Simult. dos Graos de Enx. Agrícola e Agroaliment. e Enx. Forestal		0,2		0,2		0,2	0,2						0,2		0,2	0,2		
	Grao aberto 5USC Enxeñaría pola USC		0,1		0,2	0,1	0,1	0,2						0,2		0,1		0,1	
	Simultaneidade dos Graos de Ciencias Empresariais e Turismo		0,2				0,2	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2
	Simultaneidade dos Graos de Español e Galego e Portugués	0,2		0,2					0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2		0,2
	Simultaneidade dos Graos de Inglés e Español	0,2		0,2					0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2		0,2
	Simultaneidade dos Graos de Inglés e Galego e Portugués	0,2		0,2					0,2	0,2	0,2	0,2	0,2				0,2		0,2
	Grao Aberto en Ciencias Sociais e Xurídicas						0,2		0,1	0,1	0,1	0,2	0,2	0,2	0,2		0,2		0,2
	Simultaneidade dos Graos de Enx. Mecánica e Enx. Naval e Oceánica				0,2		0,1	0,2						0,2		0,2			
	Grao Aberto en Enxeñaría Industrial				0,2		0,1	0,2						0,2		0,2			